



Concello de Sarria

Expediente Nº. : 1870/2019

Procedemento: Selección de persoal e Provisión de postos.

DECRETO DE ALCALDÍA.

D. CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ

Vista a necesidade de constitución de unha bolsa de traballo de operarios de servizos múltiples debido a que no Concello de Sarria, nos derradeiros anos produciuse a xubilación de varios operarios e a curto e medio prazo vanse producir mais xubilacións, polo que os servizos básicos que ten como Administración Local, non se poden cumprir por falla de persoal.

Nos derradeiros anos e debido a que non se podían facer contratacións, nin de persoal laboral fixo nin eventual salvo para determinadas funcións, consideradas prioritarias o para cumprir subvencións de outras Administracións, os efectivos das distintas Brigadas municipais, Medio Rural, Medio Ambiente, Obras, Deportes... vense claramente mermados, polos motivos arriba expostos.

O día 21 de xaneiro de 2020 o Interventor do Concello fiscaliza as bases redactadas, concluíndo que:

- 1.- A proposta de Alcaldía fundamenta a necesidade de persoal na imposibilidade de atender as necesidades dos servizos básicos por mor da acumulación de xubilacións de persoal operario
- 2.- A competencia correspóndelle á Alcaldía en virtude do disposto no art. 21.1.g) da LBRL.
- 3.- As respectivas contratacións quedan condicionadas a existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da contratación, sendo necesaria a seu sometemento á fiscalización previa.
- 4.- **Non consta proposta do departamento xestor**
- 5.- Non consta o convenio colectivo de aplicación, o cal impide valorar o procedemento de selección en termos de lexislación laboral.
- 6.- As Bases de convocatoria cumpren, con carácter xeral, os principios de selección do persoal laboral e o contido enumerado no art. 58.2 LEPG.

Resultado da fiscalización:

Primeiro.- De acordo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local [art. 12.5] emítese informe favorable, quedando a eficacia da resolución condicionada á emenda dos defectos observados con anterioridade á aprobación do expediente.

De non se solventar polo órgano xestor os defectos observados considérase formulado o correspondente reparo suspensivo.

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 9Z5XJMXI+AL.SAD.GZ.4F.5W6QP7P5 | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7



Concello de Sarria

Considerando que os motivos da formulación do reparo son, a falta de convenio colectivo e **proposta do órgano xestor**, o Convenio Colectivo de aplicación, xa figura nas bases definitivas a aprobar mediante este decreto, que será o do Concello de Sarria que se aplica ao persoal laboral e referente a falta de proposta do Órgano Xestor, no Concello de Sarria non existe como tal, xa que non conta co instrumento organizativo necesario como é a Relación de Postos de Traballo, nin ningún outro instrumento similar ou substitutivo que recolla a organización municipal en áreas, departamentos, servizos ou negociados, co mínimo sistema piramidal, ou atribúa aos traballadores públicos competencias, funcións ou materias de forma expresa.

Esta Alcaldía en uso das facultades conferidas polo artigo 21.1.g) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

- 1- Levantar o reparo suspensivo feito polo Interventor polos motivos expostos e aprobar as bases e a convocatoria para a constitución de unha bolsa de emprego para Operarios de Servizos múltiples.
- 2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas citadas probas selectivas.
- 3º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello, e realizar cantos trámites sexan necesarios para a súa tramitación.

BASES CONVOCATORIA PARA A CREACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE OPERARIOS DE SERVICIOS MULTIPLES

A convocatoria para a creacion dunha bolsa de emprego para a categoría profesional de operario de servizos múltiples, levarase a cabo polo procedemento de concurso-oposición no Concello de Sarria, en rexime de persoal laboral temporal.

Primera-Obxecto da convocatoria

O obxecto da presente convocatoria e a selección do personal para a formación dunha bolsa de emprego na categoría profesional de operario de servizos múltiples, en reximen de persoal laboral temporal, para cubrir de forma axil os períodos de vacacións, baixas, permisos e licenzas, sempre que conste xustificación bastante e crédito adecuado e suficiente.

O perfil de operario de servizos múltiples e dunha persoa que realiza os traballos propios do servizo que lle corresponda. Tales como xardinaria, limpeza de viales e edificios, abastecemento e saneamento, electricidade e alumeados, pintura, albanelaría e obras públicas, para o que se require, principalmente esforzo físico, sin necesidade de coñecementos especializados que precisen práctica continuada no oficio.

As persoas integrantes da bolsa serán chamadas pola súa orden de puntuación o obxecto do seu nomeamento, para prestar servizos no posto que corresponda ca xornada e duración adecuadas as necesidades que motiven o nomeamento en cada caso.

O Convenio Colectivo de aplicación a efectos de salarios e condicións laborais, será o de aplicación do Concello de Sarria ao Persoal Laboral..

A contratación extinguirase cando cese a necesidade que o xustificou. O horario e as restantes condicións de emprego serán os establecidos polo Concello para o correspondente posto. A Corporación reservase a facultade de establecer o horario, as modificacións que se considerasen oportunas para o mellor desempeño do servizo, respetando as normas legais aplicables sobre a xornada de traballo e descanso.

Segunda- Requisitos dos aspirantes.

1. Para ser admitidos a realización das probas, os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen perjuicio do disposto no artigo 57 do Real Decreto

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 9Z5XJMXHALSADGZ4F5W6QP7P5 | Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 7



Concello de Sarria

legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público.

- b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calqueira das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolucións xudiciais, para o acceso o corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións nacionais de outro estado, non estar inhabilitado. No caso de ser nacional de outro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu estado nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e) Non estar en causa de incapacidade ou incompatibilidade con arreglo a lexislación vixente.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán poseerse o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse na data de contratación.

Terceira-Instancias

A presentación de instancias polos aspirantes, supón a aceptación íntegra das presentes bases.

As instancias deberán axustarse ó modelo oficial que figura no anexo I destas bases, e ir acompañadas da copia da seguinte documentación:

1. NIF
2. A efectos de méritos
 - 2.1. Informe vida laboral
 - 2.2. Fotocopias dos contratos e dos títulos de cursos e méritos alegados que han de ser obxecto de valoración na fase do concurso.

Non se valoraran os méritos alegados cuxa xustificación se refira a data posterior o derradeiro día do prazo de presentación das instancias.

As instancias presentaranse no rexistro de entrada deste Concello, de maneira presencial ou mediante o procedemento que regula o artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte o da publicación do anuncio da convocatoria no BOP. Cando a solicitude se presentara no rexistro diferente o do concello de Sarria, o aspirante deberá remitir por fax (982530916), antes da data de expiración do prazo, o documento do rexistro de entrada no que se efectuou a aportación da documentación necesaria.

Sen dito requisito non será admitida a instancia, se é recibida no Concello con posterioridade a data de finalización do prazo.

Estas bases publicaranse no taboleiro de edictos do Concello, na sede electrónica e no BOP da provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios relativos as probas que se convoquen, faranse públicos no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal.

Cuarta.- Admisión e exclusión de aspirantes

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a alcaldía dictará resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos que será publicada

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 9Z5XJMXHALSADGZ4F5W6QP7P5 | Corrección: https://sarría.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 7



Concello de Sarria

no taboleiro de edictos deste Concello asi como na sede electrónica da paxina web municipal, concedendo un prazo habil de 3 dias para a subsanacion de solicitudes e presentacion de reclamacións.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non subsanen a causa da exclusión ou non formulen alegacións, xustificando o dereito a ser incluído na relación de admitidos, serán excluídos da realización das probas.

As reclamacións formuladas serán resoltas pola Alcaldía no mesmo acto administrativo que aprobe a lista definitiva, que se fará pública na forma indicada para a lista provisional.

Na mesma resolucion indicárase a composicion do Tribunal calificador, a data, lugar e hora do primeiro exercicio.

De non presentarse reclamacións, a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva.

Quinta.- Tribunal de selección.

A súa composicion deberase axustar aos principios de, imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e entenderase asimesmo as normas de paridade, tanto o presidente como os vogais cos respectivos suplentes, poderan ser funcionarios ou laborais fixos con unha titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes.

O persoal de elección ou de designación política, e os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderan formar parte dos órganos de selección.

A pertenza dos órganos de selección serán sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación por conta allea.

O tribunal calificador estará constituído por un presidente, tres vogais e un secretario, cos respectivos suplentes.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, do 1 de outubro, do reximen xurídico do sector público.

Os membros do tribunal son persoalmente responsables do estricto cumprimento das bases da convocatoria e da suxección os prazos establecidos. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse ca interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo tribunal, por maioría simple.

O tribunal poderá dispoñer de asesores especialistas para todas ou algunha das probas, tendo voz, pero non voto.

O procedemento de actuación do tribunal axustárase, por razón de analogía e en canto sexa posible, o disposto nos artigos 15 e seguintes da lei 40/2015 do 1 de outubro do reximen xurídico do sector público.

Sexta.- Procedemento selectivo

O proceso de selección contará de dúas fases, fase de concurso non eliminatória e fase de oposición, na que deba superarse un exercicio de carácter eliminatorio e realización obligatoria. As puntuacións obtidas serán redondeadas a dous decimais.

1º Fase de oposición (max.12 puntos)

Consistirá na realización dunha proba teórica - práctica sobre coñecementos referidos os contidos no temario que figura no anexo II, calificarase de 0 a 6 puntos

Unha proba práctica, que consistirá no coñecemento e manexo de útiles, ferramentas ou máquinas a utilizar nos traballos para os que poida ser contratado, calificarase de 0 a 6 puntos.

Será necesario obter unha calificación mínima de 6 puntos nas dúas probas para poder

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 9Z5XJMX+HALSADGZ4F5W6QP7P5 | Corrección: <https://sarrria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7



Concello de Sarria

superar a fase de oposición, quedando eliminados todos aqueles que non a superen.

Os aspirantes deberan vir provistos de DNI, podendo o tribunal requerirles en calqueira momento a acreditación da súa personalidade.

2º Fase de concurso de meritos (maximo 8 puntos)

Os meritos a valorar seran os seguintes:

- Experiencia profesional (maximo 3 puntos)

Valorarase hasta un maximo de 3 puntos a experiencia profesional dos aspirantes da seguinte forma.

A: Por traballos levados a cabo en Administracións Públicas ,en postos de traballo iguais ou similares o que se aspira, a razón de **0,10 puntos** por mes completo de servizos, ata un máximo de **2 puntos**, non computándose fraccións inferiores o mes.

B: Por traballos levados a cabo en empresa ou actividade profesional privada, en calqueira posto de traballo relacionado co perfil descrito na primeira base, a razón de **0,05 puntos** por mes completo de servizos ata un máximo de **1 punto**.

Solo se valorarán os méritos que se acrediten acumulativamente mediante o contrato de traballo (o que se sumarán as posibles modificacións de contrato existentes) e informe de vida laboral actualizado, ó período de presentación de instancias, expedido pola Tesorería Xeral da Seguridade Social. Os documentos indicados por si solos non serán suficientes, se esta documentación acreditativa, no seu conxunto non especifica o posto de traballo, inicio, fin e xornada, non será tida en conta a efectos de computo.

-Formación (maximo 4 puntos)

Valorarase hasta un maximo de 4 puntos a titulación e formación dos aspirantes da seguinte forma:

a. Carnets: posesión en vixencia dos carnes de manipulación de produtos fitosanitarios, carretillas, retroexcavadoras, dumper, plataforma elevadora, a razón de **0,20 puntos** por carnet, ata un máximo de **1,5 puntos**.

b. Formación: cursos, cursillos, grupos de traballo, seminarios en relación co perfil descrito na primeira base, a razón de **0,005 puntos por hora** ata un máximo de **1 punto**.

c. Por ter o certificado de profesionalidade de algunha das actividades, obxecto da convocatoria, **1,5 puntos**

Considerarase unicamente aqueles que foron impartidos en centros privados recoñecidos oficialmente, ou por calqueira administración pública, que a xuízo de calificación estean relacionados co obxecto da convocatoria.

- Por pertencer a algún colectivo desfavorecido (Perceptores da RISGA, vítimas da violencia de xénero, ...), **1 punto**.

Non se terán en conta aqueles documentos que xustifiquen a superación de cursos, pero non conteñan o número de horas lectivas recibidas.

Septima. Calificacións

A calificación final do proceso selectivo estará determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada apartado. A puntuación máxima que pode alcanzar, será de **20 puntos**.

Finalizado o proceso de concurso-oposición, publicarase a nota obtida podendo presentar contra a mesma, as alegacións ou reclamacións que estimen oportunas no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación na sede electrónica da web e taboleiro de anuncios do Concello, sendo resoltas as mesmas polo tribunal e procedendo a calificación definitiva dos aspirantes.

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 9Z5XJMXH-HAL-SAD-GZ-4F-5W6QP7P5 | Corrección: <https://sarría.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 7



Concello de Sarria

No suposto que se obtivo igual puntuacion entre algúns dos candidatos, os desempates resolveranse, atendendo ós seguintes criterios:

1. Maior puntuación na oposición
2. Maior puntuación no apartado de experiencia profesional
3. Maior puntuacion nos apartados de cursos oficiais.

Oitava- Nomeamento e formación da bolsa de emprego

Concluído o proceso selectivo levantarase acta polo tribunal, autorizada polo presidente e secretario, establecendose na mesma, a lista de aspirantes cas suas correspondentes puntuacións, elevando proposta ó presidente da corporacion, a cal será publicada na sede electronica da web e taboleiro de edictos do Concello.

Mediante resolución de alcaldía aprobarase a correspondente bolsa de emprego por orde da puntuación obtida no proceso. Será publicada na sede electronica e no taboleiro de anuncios do Concello.

Esta bolsa de traballo terá una vixencia máxima de cinco anos, de esgotarse os candidatos, procederase a realizar unha nova convocatoria

Novena-Funcionamiento da bolsa de emprego

Confeccionarase unha bolsa de emprego según a orde establecida ó disposto na cláusula oitava, para cubrir de forma áxil os periodos de vacacións, baixas, permisos, licenzas e outras necesidades circunstanciais de servizo, previo chamamento dos integrantes da lista conforme os seguintes criterios:

Procederase o chamamento según a orde establecida na bolsa en función das puntuacións obtidas no concurso-oposición, comenzando o mesmo pola puntuacion mais alta. O chamamento farase por via telefonica e expedirase dilixencia mediante o expediente da bolsa, anotando hora e resultado da chamada.

Cando a persoa contratada temporalmente fose dada de baixa pola finalización da substitución, voltará a bolsa no lugar que ocupaba antes da contratación.

A renuncia por causa xustificada supora o mantemento do candidato no lugar da bolsa que lle corresponde por orde de puntuación, pero permanecerá suspenso ata que o propio interesado comunique ó Concello a sua dispoñibilidade para futuros chamamentos.

Entendese por causa xustificada aquela que non deriva da vontade do interesado, asi como a existencia de un contrato con unha Administracion Publica ou cunha empresa privada. A causa deberá ser debidamente acreditada por calqueira medio permitido en dereito (Parte de baixa medica, contrato de traballo, etc)

O Concello poderá ademais usar a bolsa de traballo para cubrir as necesidades do personal, sendo os contratos laborales a xornada completa ou tempo parcial, segundo as necesidades.

Serán causas de baixa na bolsa do traballo as seguintes:

- Se o candidato fose chamado para realizar a sustitucion e renunciara a ela sen causa xustificada, suporá a expulsión da bolsa de traballo
- Non comparecencia do aspirante no prazo de tres días hábiles tras a sua notificación
- A renuncia o posto de traballo, sexa xa inmediata anterior ou posterior a formalización do contrato.
- O incumprimento das normas sobre incompatibilidades
- A non presentación da documentación necesaria para a formalización do contrato

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 9Z5XJMXH-AL-SADGZ4F5W6QP7P5 | Corrección: https://sarría.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 7



Concello de Sarria

-Demostración de falsedade sobre os datos reflexados na solicitude

Décima.- Contratacion

Quenes sexan chamados para formalizar sua relacion laboral ,deberan aportar, no prazo de 3 días dende que son requeridos, a seguinte documentacion acreditativa das condicións declaradas.

-Certificado medico, acreditativo de non parecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño da praza.

-Declaracion xurada, acreditativa dos requisitos e condicións enumerados nos apartados, d e g, da segunda base.

Se non se presentara a referida documentación ou se comprobase co aspirante non cumpre algúns dos requisitos sinalados na convocatoria, este non poderá ser contratado, sen perxuício da responsabilidade que poidera haber incurrido por falsedade da sua instancia.

Plantexadas algunha destas circunstancias, ou se o candidato seleccionado renunciara a praza, ou non poidese subscribir o correspondente contrato no prazo fixado, por causas alleas a sua vontade (enfermidade, accidente,etc) o presindete requerirá a presentacion de documentacion o seguinte candidato de acordo ca puntuacion establecida polo tribunal.

Undécima.- Impugnación

A presente convocatoria, suas bases e cantos actos administrativos deriven dela e da actuacion do tribunal poderan ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento adminsitrativo comun das adminitracions.

ANEXO I

Tema 1.- A Constitución Española. Dereitos e Deberes fundamentais.

Tema 2.- A Organización Municipal. O Alcalde, O Pleno e a Xunta de Goberno. As súas competencias e procedemento.

Tema 3.- Normas básicas en materia de Xardiñería.

Tema 4.- Normas básicas en limpeza viaria e edificios do Concello.

Tema 5.- Normas básicas de albanelaría e obras públicas.

Tema 6.- Normas básicas en materia de augas: abastecementos e saneamento.

Tema 7.- Normas básicas en electricidade e alumeadado público.

Tema 8 .- A seguridade e saude no traballo. Prevención de riscos laborais. Elementos de seguridade.

Tema 9.- O Concello de Sarria. Xeografía urbana e rural.

Tema 10.- O persoal ao servizo da Administración local. Deberes e dereitos

Asi ou mandou o Sr. Alcalde, de que certifico

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 9Z5XJMX+HALSADGZ4F5W6QP7P5 | Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7